

# Recursos do contorno

## Granxas Escolas de Galicia

Araceli Serantes Pazos

Universidade da Coruña

boli@udc.es

REVISTAGALEGA  
DE EDUCACIÓN  
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 74-77

As Granxas Escola son, dentro do conxunto dos Equipamentos para a Educación Ambiental, a tipoloxía máis antiga e característica do Estado español. Estas granxas comparten como obxectivo común facilitaren a experiencia de vivir no medio rural de forma consciente e activa. A través dunha serie de actividades e obradoiros, permiten desenvolver tarefas agropecuarias sostibles e de baixo impacto, ao tempo que recoñecer as características do contorno inmediato e a dependencia das persoas co seu medio.

Desde o punto de vista metodolóxico, parte de principios ben achegados á Escola Nova, á Escola Activa e ao construtivismo, nun ambiente de innovación e experimentación; a súa filosofía baséase en aprender facendo, en “pensar coas mans”, en observar procesos, investigar, recoller datos e fomentar unha actitude crítica e de curiosidade. Nestas experiencias resulta tan importante coñecer e adquirir habilidades como posibilitar a convivencia nun medio diferente, así como adquirir hábitos de respecto ao medio.

No contexto galego, moitas destas experiencias teñen como piar da súa proposta educativa o coñecemento e respecto á cultura propia, facilitan a inmersión lingüística e valorizan aspectos de carácter antropológico, etnográfico e culturais (festas, xogos, gastronomía, cancións...). Emporiso, atopamos outras experiencias menos comprometidas, nas que as actividades non responden a prácticas e modos de vida característicos da realidade galega.

As actividades ofertadas son similares, e teñen que ver co coidado dos animais da granxa (moitos de especies autóctonas galegas), o coidado e cultivo en hortas e invernadoiros, o mantemento das árbores froiteiras, a transformación dos alimentos (pan, manteiga, marmeladas, biscoitos...), a realización de obradoiros monográficos (ecoloxía, meteoroloxía, arquitectura popular, música, danza, reciclado, ungüentos...) e rutas pola contorna natural. Algunhas ofrecen tamén actividades de multiaventura.

As pioneiras contaban con instalacións suficientes para acollerer os grupos por varios días; na actualidade –e debido aos cambios no sistema educativo–, a maior parte delas de-

ben conformarse con realizaren estancias de medio día ou de todo o día. Na Galicia, todas as iniciativas son de carácter privado. Están abertas durante todo o ano e ofrecen propostas educativas para grupos organizados e cursos de formación; no verán ofrecen campamentos e moitas ofertan o alugueiro das instalacións para desenvolveren actividades ou realizaren celebracións.


|                             |  |
|-----------------------------|--|
| <b>Nome</b>                 | <b>Aldea Nova</b><br>   |
| <b>Propietario e xestor</b> | Concello de Narón / Pename SL  |
| <b>Enderezo</b>             | Lagoela s/n, San Estevo de Sedes, 15596 - Narón (A Coruña)   |
| <b>Ano de creación</b>      | 2002   |
| <b>Teléfono</b>             | 608048031 / 981368382  |
| <b>Web</b>                  | <a href="http://www.aldeanova.com/">http://www.aldeanova.com/</a>  |
| <b>e-mail</b>               | <a href="mailto:aldeanovagranja@gmail.com">aldeanovagranja@gmail.com</a>   |
| <b>Infraestruturas</b>      | Aínda que o albergue é de 12 dormitorios (40 prazas), ten capacidade para realizar actividades até 150 persoas. Conta con cociña, comedor, talleres e laboratorios, planetario, apiario, casa museo, zona de xogos populares, invernadoiro e hortas, reprodución dun dolmen e un castro, galiñeiro e cortes. |

|                             |   |
|-----------------------------|---|
| <b>Nome</b>                 | <b>Granxa de Barreiros</b>  |
|                             |    |
| <b>Propietario e xestor</b> | Instituto Galego de Educación Medioambiental A Ponticela  |
| <b>Enderezo</b>             | Estrada de Sarria - Portomarín, km 54. Lugar de Ortoá, Sarria (Lugo)  |
| <b>Ano de creación</b>      | 1939 (a máis antiga do Estado español)  |
| <b>Teléfono</b>             | 982 533 656 / 698 129 000   |
| <b>Web</b>                  | <a href="http://granxadebarreiros.com">http://granxadebarreiros.com</a>   |
| <b>e-mail</b>               | <a href="mailto:info@granxadebarreiros.com">info@granxadebarreiros.com</a>  |
| <b>Infraestruturas</b>      | Albergue con habitacións (50 prazas), comedor, palleira na que se realizan os talleres, horta, cortes, xardíns, piscina, sala de reunión e amplas zonas de lecer. |

|                             |   |
|-----------------------------|---|
| <b>Nome</b>                 | <b>Granxa A Casa do Queixo</b>  |
|                             |    |
| <b>Propietario e xestor</b> | Cooperativa Gelga   |
| <b>Enderezo</b>             | Casal de Abaixo. Grixalba. 15816 - Sobrado dos Monxes (A Coruña)  |
| <b>Ano de creación</b>      | 2002  |
| <b>Teléfono</b>             | 981 195 729 / 650 955 265   |
| <b>Web</b>                  | <a href="http://www.casadoqueixo.com/web/">http://www.casadoqueixo.com/web/</a>   |
| <b>e-mail</b>               | <a href="mailto:info@casadoqueixo.com">info@casadoqueixo.com</a>  |
| <b>Infraestruturas</b>      | Albergue con 4 dormitorios (60 prazas), zoo de animais domésticos, hortas e invernadoiro, museo do queixo, 2 aulas-taller, pallar, zonas verdes, estanque, comedor e restaurante. |

|                             |  |
|-----------------------------|--|
| <b>Nome</b>                 | <b>Granxa Escola Bellelle</b>  |
|                             |   |
| <b>Propietario e xestor</b> | Pename SL  |
| <b>Enderezo</b>             | Lugar de Pename, 15. 15510 - Neda (A Coruña)   |
| <b>Ano de creación</b>      | 1996   |
| <b>Teléfono</b>             | 608 383 083  |
| <b>Web</b>                  | <a href="https://www.facebook.com/G.E.Bellelle/">https://www.facebook.com/G.E.Bellelle/</a>  |
| <b>e-mail</b>               | <a href="mailto:granjabellelle@gmail.com">granjabellelle@gmail.com</a>   |
| <b>Infraestruturas</b>      | As actividades da granxa compaxínanse coas da escola de equitación. Dispón de numerosos recintos para aves e diferentes mamíferos autóctonos e exóticos, picadeiros e cortes, taller e unha zona cuberta. Non ten posibilidades para durmir. |

|                             |  |
|-----------------------------|--|
| <b>Nome</b>                 | <b>Granxa Escola Bergando</b>  |
|                             |   |
| <b>Propietario e xestor</b> | Colexio Santa Apolonia   |
| <b>Enderezo</b>             | Monte Bergando. Negreira (A Coruña)  |
| <b>Ano de creación</b>      | 2009   |
| <b>Teléfono</b>             | 649 466 390 / 981 52 13 57   |
| <b>Web</b>                  | <a href="http://www.granjaescuelabergando.es/">http://www.granjaescuelabergando.es/</a>  |
| <b>e-mail</b>               | <a href="mailto:granjamedioambientalbergando@gmail.com">granjamedioambientalbergando@gmail.com</a>   |
| <b>Infraestruturas</b>      | Ten capacidade para aloxar en dormitorios con cociña e comedor. Aulas, currais, picadeiro, piscina, hortas, invernadoiro e zona de actividades deportivas. A contorna consérvase para o silvo-pastoreo e críase a raza autóctona de cabalo galego. |

|                             |   |
|-----------------------------|---|
| <b>Nome</b>                 | <b>Granxa Ecolóxica</b>   |
|                             |    |
| <b>Propietario e xestor</b> | Concello de Vilasantar /aberto concurso para súa xestión.   |
| <b>Enderezo</b>             | A Matés, 15807 - Vilasantar (A Coruña)  |
| <b>Ano de creación</b>      | 2003  |
| <b>Teléfono</b>             | 981 77 74 67  |
| <b>Infraestruturas</b>      | O edificio principal conta cunha coziña e comedor, despachos, unha aula e 7 dormitorios (26 camas); no exterior están os talleres e laboratorios, hortas, 2 invernadoiros, unha corte e un galiñeiro. A finca está pechada. |


|                             |   |
|-----------------------------|---|
| <b>Nome</b>                 | <b>Granxa Garabullos</b>  |
|                             |    |
| <b>Propietario e xestor</b> | Asociación revolta Natural  |
| <b>Enderezo</b>             | Lugar de Arrega, 23, 27377 – Sistallo - Cospeito (Lugo)   |
| <b>Ano de creación</b>      | 2009  |
| <b>Teléfono</b>             | 600 03 49 07  |
| <b>Web</b>                  | <a href="http://www.garabullos.com">http://www.garabullos.com</a> / <a href="https://www.facebook.com/garabullos/">https://www.facebook.com/garabullos/</a>                     |
| <b>Infraestruturas</b>      | Rodeado de bosque autóctono (castiñeiros, carballos, bidueiros...) na Terra Chá. Conta con hortas, currais, talleres e forno. O albergue ten capacidade para aloxar 26 persoas. |

|                             |   |
|-----------------------------|---|
| <b>Nome</b>                 | <b>Casa Grande de Xanceda</b>   |
|                             |    |
| <b>Propietario e xestor</b> | Casa Grande de Xanceda Sociedade Agraria de Transformación  |
| <b>Enderezo</b>             | Estrada AC 524. 15685 - Mesía (A Coruña)  |
| <b>Ano de creación</b>      | 2011  |
| <b>Teléfono</b>             | 981 687 007   |
| <b>Web</b>                  | <a href="http://www.casagrandexanceda.com">http://www.casagrandexanceda.com</a>   |
| <b>e-mail</b>               | <a href="mailto:info@casagrandexanceda.com">info@casagrandexanceda.com</a>  |
| <b>Infraestruturas</b>      | Ecozoo, ecohorta, cortes, fábrica de iogur, sala de muxir, prados, palleira con zona de xogos (mínimo 15-máximo 50 persoas / actividade). Non ten capacidade de aloxamento. Recomendables as visitas en familia: actividades dirixidas ao público infantil. |

|                             |   |
|-----------------------------|---|
| <b>Nome</b>                 | <b>A Fervenza da Toxa (Fervenzaventura)</b>   |
|                             |    |
| <b>Propietario e xestor</b> | Sociedade Limitada  |
| <b>Enderezo</b>             | Reboreda - Abades, 6 - 36589 - Silleda - Pontevedra   |
| <b>Ano de creación</b>      | 2008  |
| <b>Teléfono</b>             | 986 696622 / 695069933  |
| <b>Web</b>                  | <a href="http://www.fervenzaventura.com/">http://www.fervenzaventura.com/</a>   |
| <b>e-mail</b>               | <a href="mailto:info@fervenzaventura.com">info@fervenzaventura.com</a>  |
| <b>Infraestruturas</b>      | Preto da Fervenza da Toxa, ten capacidade para traballar con 200 persoas ao tempo e aloxar a 100. Conta cunha zona agraria, instalacións gandeiras, zona deportiva e de multiaventura, ademais da zona de talleres e comedores. Na actualidade a súa oferta está máis baseada no deporte e multiaventura. |

|                             |  |
|-----------------------------|--|
| <b>Nome</b>                 | <b>Granxa Escola do Rexo</b>   |
|                             |   |
| <b>Propietario e xestor</b> | Fundación Ramón González Ferreiro  |
| <b>Enderezo</b>             | Lugar do Rexo. Requeixo de Valverde - 32667 - Allariz (Ourense)  |
| <b>Ano de creación</b>      | 2009   |
| <b>Teléfono</b>             | 988436182 / 988 441 175  |
| <b>Web</b>                  | <a href="http://fundacionrgf.org/cea-orexo/">http://fundacionrgf.org/cea-orexo/</a>  |
| <b>e-mail</b>               | <a href="mailto:cea.orexo@fundacionrgf.org">cea.orexo@fundacionrgf.org</a>   |
| <b>Infraestruturas</b>      | Situado na Reserva da Biosfera da Área de Allariz, consta de aulas, granxa e queixería, mesturando no programa o coñecemento do espazo natural coas iniciativas de desenvolvemento rural. O edificio é bioconstruído, utilizando criterios bioclimáticos, empregándose tamén como recurso educativo. As actividades realízanse con grupos de até 50 persoas; o aloxamento nas actividades de varios días é no albergue da fundación. |

|                        |  |
|------------------------|--|
| <b>Nome</b>            | <b>Granxa El Kiriko</b>  |
|                        |   |
| <b>Enderezo</b>        | Soutosico, 20 - Fornelo de Montes (Pontevedra)   |
| <b>Ano de creación</b> | 2004   |
| <b>Teléfono</b>        | 986 76 86 00 / 687 57 80 19  |
| <b>Web</b>             | <a href="http://www.kirikonatura.com">www.kirikonatura.com</a>   |
| <b>e-mail</b>          | <a href="mailto:reservas@kirikonatura.com">reservas@kirikonatura.com</a>   |
| <b>Infraestruturas</b> | Pensado fundamentalmente para actividades de ocio activo nunha finca de 11 hectáreas ao lado dun encoro. Conta cun albergue para 110 persoas en 4 dormitorios, e capacidade para 150 persoas en actividades de un día. As instalacións interiores complétanse con comedor, biblioteca e talleres; as exteriores contan con zona de xogos, rocódromo, piscina, anfiteatro, hortas, invernadoiros, cortes etc. |

|                             |   |
|-----------------------------|---|
| <b>Nome</b>                 | <b>Casa Escola Serantellos</b>  |
|                             |    |
| <b>Propietario e xestor</b> | Padres Salesianos   |
| <b>Enderezo</b>             | R/ Serantellos, 1 - 36639 - Castrelo, Cambados (Pontevedra)   |
| <b>Ano de creación</b>      | 1997  |
| <b>Teléfono</b>             | 639 030 802   |
| <b>e-mail</b>               | <a href="mailto:granxaescola@nsm.salesianos.es">granxaescola@nsm.salesianos.es</a>  |
| <b>Infraestruturas</b>      | Albergue con 7 habitacións (60 prazas), comedor, talleres, horta, cortes, xardíns, pistas deportivas e sala de reunión. Só ofrece actividades (de un ou varios días) durante o período escolar. |

|                             |   |
|-----------------------------|---|
| <b>Nome</b>                 | <b>Granxa do Souto, Centro de actividades ecuestres</b>   |
|                             |    |
| <b>Propietario e xestor</b> | Empresa familiar  |
| <b>Enderezo</b>             | Mera de Baixo. O Souto. 15349 - Ortigueira (A Coruña)   |
| <b>Ano de creación</b>      | 1999  |
| <b>Teléfono</b>             | 619 420 792 / 606 620 201   |
| <b>Web</b>                  | <a href="http://www.granxadosouto.es/">http://www.granxadosouto.es/</a>   |
| <b>e-mail</b>               | <a href="mailto:info@granxadosouto.es">info@granxadosouto.es</a>  |
| <b>Infraestruturas</b>      | Capacidade de aloxar en 2 dormitorios (24 prazas). Ademais do albergue conta con comedor e salas multiuso, cortes, pistas cubertas e picadeiro, aula da natureza e horta. |